

SESIÓN DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE ALCALDE DE DATA 13 DE XUÑO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas do día 13 de xuño de dous mil quince, co fin de constituír a nova Corporación e elixir alcalde, de conformidade co establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e art. 40 do Regulamento orgánico municipal, reúnen-se, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 24 de maio do ano que andamos, que son os seguintes, segundo a orde establecida nas actas de proclamación de concelleiros electos remitidas á Secretaría xeral deste concello pola Xunta Electoral de Zona da Coruña:

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don Juan González Leiros
Dona Elisa Pestonit Barreiros
Don Ramón Boga Moscoso
Dona María Dolores Blanca García Fernández

Polo Partido Popular

Don Manuel Rivas Caridad
Dona María Jesús González Roel
Don Juan María Abalo Castex
Dona Rocío Vila Diaz
Don Manuel María Mora Pita da Veiga
Dona Marta María Vázquez Golpe

Polo Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE

Don Augusto Rey Moreno
Dona Leonor Fernández Grande
Don Jesús Bao Bouzas
Dona María Jesús Gómez González
Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

Por Asemblea Cidadá de Cambre - SON

Dona Olga Santos López
Don Antonio Bruquetas Santos

Por Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía

Dona María José García Hidalgo

Polo Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

Don Daniel Carballada Rodríguez
Don Brais Cubeiro Fernández

Están asistidos pola secretaria da Corporación, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, quen fai constar que van comezar a sesión cunha información previa relativa ao obxecto da sesión.

En canto ao obxecto da sesión, de conformidade co establecido no artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral e artigo 40 do Regulamento orgánico municipal, a Corporación constituirase en sesión

pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, é dicir, o día 13 de xuño, agás que se tivera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos.

Segundo a acta de proclamación de candidatos do 31 de maio de 2015 remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, non figuran recursos presentados ante a Xunta Electoral.

Continúa dicindo que o 11 de xuño actual recibíuse na Secretaría Xeral certificación do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Zona o 11 de xuño con motivo da renuncia do concelleiro electo don Juan Antonio Campos Malaxecheverría, así como a credencial expedida a prol de don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo e conta canto antecede, a secretaria da Corporación dá lectura aos nomes e apelidos dos vinte e un candidatos proclamados electos no Concello de Cambre, segundo a orde establecida na acta de proclamación.

A continuación, explica que, en canto á orde do día, o Sr. alcalde en funcións ditou a Resolución núm. 1006 do 9 de xuño actual de convocatoria de sesión constitutiva para o día 13 de xuño, ás doce horas, no salón de sesións da casa do concello, coa orde do día establecida no artigo 40 do Regulamento orgánico municipal, sendo o primeiro punto a formación da Mesa de Idade.

1. Formación da Mesa de Idade

A Sra. secretaria da Corporación explica que de conformidade co establecido no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral e artigo 40.2 do Regulamento orgánico municipal, para a celebración da sesión constitutiva formábase unha Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como secretaria a da Corporación. A presidencia a ostenta o concelleiro electo de máis idade ata a toma de posesión do alcalde que resulte elixido.

Tendo en conta os datos obrantes na Secretaría municipal, resulta que o concelleiro electo de maior idade, e presidente da dita mesa, é don Manuel María Mora Pita da Veiga, titular do NIF 32 322 938-A, nacido o 19 de febreiro de 1945, e o concelleiro de menor idade don Brais Cubeiro Fernández, titular do NIF 53 164 778-W, nacido o 19 de agosto de 1988, polo que, de non haber erro nas datas de nacemento, son eles os que deben formar a Mesa de Idade.

De conformidade co previsto no artigo 195.3 e 4 da LOREG e artigo 40.3 e 4 do Regulamento orgánico municipal, corresponde á Mesa comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base nas certificacións que ao concello tivera remitido a Xunta Electoral de Zona, así como comprobar que concorren ao acto a maioría absoluta dos concelleiros electos, neste caso declarará constituída a Corporación.

Toma a palabra don Manuel María Mora Pita da Veiga, presidente da Mesa de Idade, quen dá os bos días aos presentes e manifesta que comprobado que se atopan no salón de sesións a totalidade dos concelleiros electos, queda constituída a Mesa de Idade e, en consecuencia, declara aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Cambre.

A secretaria xeral fai constar que, de conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 30 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, todos os concelleiros electos entregaron na Secretaría xeral do concello:

- credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, que foi devolta aos interesados, constando no expediente fotocopia debidamente dilixenciada
- fotocopia compulsada do DNI

- as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e copia compulsada da declaración tributaria do imposto da renda, patrimonio e sociedades, no seu caso, que foron transcritas en o Libro de Bens Patrimoniais e no Libro de Incompatibilidades e outras actividades residenciais na Secretaría xeral.

A continuación, respecto da comprobación de credenciais e declaración de intereses, o presidente da mesa manifesta que acreditada a personalidade de todos os concelleiros electos mediante as credenciais achegadas, e comprobado que se teñen presentado as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade, así como copia da declaración tributaria do imposto da renda, patrimonio e sociedades, no seu caso, a Mesa de Idade non aprecia causa de incompatibilidade en ningún deles, polo que procede a dar cumprimento ao establecido no artigo 108.8 da Lei orgánica de réxime electoral xeral respecto de que, no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, comezando polos integrantes da Mesa de Idade e seguindo polos demais electos, segundo a orde establecida na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona.

2. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro

A secretaria da Corporación informa que o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución se prestará baixo a fórmula establecida no Real decreto 707/1979 (xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado).

Para tal efecto, explica que se sitúa enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española, así como a fórmula regulamentaria do xuramento ou promesa en galego e en castelán, efectuándoo en primeiro lugar o presidente da Mesa de Idade e logo o vogal. Di que os demais concelleiros electos o farán seguindo a orde en que aparecen reflectidos na acta de proclamación de concelleiros electos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña.

Seguidamente efectúase o chamamento nominal e todos os concelleiros van prestando xuramento ou promesa e ocupando os seus respectivos escanos.

A continuación, don Manuel María Mora Pita da Veiga, como presidente da Mesa de Idade, manifesta que, cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio, polo que os comparecentes adquieren a plena condición de concelleiros tralo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, quedando integrada a nova Corporación municipal polos seguintes concelleiros:

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don Juan González Leiros
Dona Elisa Pestonit Barreiros
Don Ramón Boga Moscoso
Dona María Dolores Blanca García Fernández

Polo Partido Popular

Don Manuel Rivas Caridad
Dona María Jesús González Roel
Don Juan María Abalo Castex

Dona Rocío Vila Díaz
Don Manuel María Mora Pita da Veiga
Dona Marta Maria Vázquez Golpe

Polo Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE

Don Augusto Rey Moreno
Dona Leonor Fernández Grande
Don Jesús Bao Bouzas
Dona María Jesús Gómez González
Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

Por Asemblea Cidadá de Cambre - SON

Dona Olga Santos López
Don Antonio Bruquetas Santos

Por Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía

Dona María José García Hidalgo

Polo Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

Don Daniel Carballada Rodríguez
Don Brais Cubeiro Fernández

3. Elección de alcalde

A secretaria da Corporación explica que a continuación vaise levar a cabo a elección do Sr. alcalde do Concello de Cambre, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 do Réxime electoral xeral que establece que poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros será proclamado alcalde electo. Se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no municipio.

Continúa dicindo que da literalidade do precepto dedúcese que só poden ser candidatos os cabeza de lista, se ben poden renunciar á candidatura. Neste suposto, a teses predominante é a de que a posibilidade de ser candidato non pasa ao seguinte. Agora ben, nada impide que antes da constitución do concello o cabeza de lista renuncie á concellería ante a Xunta Electoral, en cuxo caso o seguinte sería o cabeza de lista e candidato a alcalde, suposto no que se atopa a candidatura de Asemblea Cidadá de Cambre-Son.

Conclúe dicindo que, en canto á votación, aínda que existe un uso administrativo no sentido de que a elección de alcalde debe ser mediante votación secreta, non hai fundamento legal, pois tanto o Real decreto 2568/1986, como a Lei 7/1985, remiten á lexislación electoral, que non establece nada ao respecto, polo que pode utilizarse calquera das tres fórmulas establecidas no artigo 101 do citado Real decreto, é dicir, votación ordinaria, nominal ou secreta.

Tendo en conta a normativa aplicable, o presidente da Mesa pregunta que concelleiros dos que encabezan as distintas listas presentan a súa candidatura ao cargo de alcalde.

Non se presentan don Augusto Rey Moreno, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dona M^a Olga Santos López, de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, dona M^a José García Hidalgo, de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía e don Daniel Carballada Rodríguez, do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas.

Así pois, oídas as respostas, preséntanse e son proclamados candidatos ao cargo de alcalde do Concello de Cambre:

- Don Óscar Alfonso García Patiño, de Unión por Cambre
- Don Manuel Rivas Caridad, do Partido Popular

Polo presidente da Mesa de Idade, tendo en conta o exposto pola secretaria xeral respecto da votación, propón aos presentes que a votación para elixir ao Sr. Alcalde sexa mediante votación ordinaria, sendo aprobada a proposta por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Óscar Alfonso García Patiño, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de SON e os dous concelleiros do BNG, votan en contra os seis concelleiros do PP e abstense a concelleira de C's.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Manuel Rivas Caridad, votan a prol os seis concelleiros do PP, votan en contra os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de SON e os dous concelleiros do BNG, e abstense a concelleira de C's.

Finalizada a votación, a secretaria informa que o resultado foi de 14 votos a prol de don Óscar Alfonso García Patiño e 6 votos a prol de don Manuel Rivas Caridad. Polo tanto, sendo o número de votos dos concelleiros de 21, obtivo a maioría absoluta a candidatura presentada por don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC.

O presidente da Mesa de Idade expón que, visto o resultado da votación, a Mesa de Idade proclama alcalde do Concello de Cambre ao candidato da lista electoral de UxC, don Óscar Alfonso García Patiño, por obter a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros que integran esta Corporación.

4. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de alcalde

A continuación, don Manuel María Mora Pita da Veiga, como presidente da Mesa de Idade, solicita a don Óscar Alfonso García Patiño, proclamado alcalde electo, que manifieste se acepta o cargo de alcalde do Concello de Cambre.

Don Óscar Alfonso García Patiño acepta o cargo.

O presidente da Mesa invita ao alcalde electo a que se achegue á mesa co fin de levar a cabo o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, como requisito previo á súa toma de posesión.

Seguidamente, de conformidade co establecido no artigo 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, don Óscar Alfonso García Patiño toma posesión do cargo, prometendo pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O presidente da Mesa de Idade manifesta que, unha vez efectuada a promesa de acatamento á Constitución, don Óscar Alfonso García Patiño queda posesionado do cargo de alcalde do Concello de Cambre, polo que lle corresponde asumir a presidencia da sesión constitutiva, e entrégalle ao Sr. alcalde o bastón de mando do concello co aplauso dos concelleiros e do público asistente á sesión.

Neste momento os membros da Mesa, presidente e vogal, abandonan a presidencia para ocupar os seus respectivos escanos.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen manifesta que quixera comezar a súa intervención felicitando en primeiro lugar a todos e cada un dos veciños de Cambre por dar unha verdadeira lección de responsabilidade democrática o pasado día 24 de maio, e tamén a todos os concelleiros e concelleiras da Corporación que hoxe se constitúe.

Quere dar a benvida aos que por primeira vez se incorporan á política municipal, e deséxalles unha legislatura próspera e benéfica politicamente, porque se o é para eles tamén o vai ser para os veciños e veciñas de Cambre.

Di que el é Óscar García Patiño, o fillo de Clotilde e de Luis o da ferradora, da Xira, de Sigrás, é un veciño de Cambre. Pide que lle permitan que estas primeiras palabras sexan tamén de agradecemento ao seu ámbito máis próximo, á súa familia, dálles as grazas pola súa comprensión, cariño e, sobre todo, polo seu apoio.

Di que hai seis anos, cando comezaron co proxecto que se chama Unión por Cambre moi pouca xente cría que puideran chegar ata aquí. A maioría pensaba que a súa idea da política non tería futuro, pois ben, grazas ao traballo, esforzo e dedicación dos seus compañeiros de Unión por Cambre, hoxe o seu esforzo viuse recompensado.

Non foron seis anos fáciles. Comezaron cun claro obxectivo, levar a voz dos veciños ao concello, e logo intentar que algún día os veciños tiveran a oportunidade de dirixilo, e esa posibilidade chegou. Xa dixo que o camiño non foi doado, pero o realmente difícil empeza agora. Quere dicirlles que hoxe non só é un día importante para el, sabe que para os que forman esa familia que se chama Unión por Cambre hoxe tamén é un día especial.

Unión por Cambre seguirá facendo Cambre, agora dende o Goberno, un Goberno que estará formado por dous partidos políticos, despois de que os veciños e veciñas votaran o cambio. Dá o seu agradecemento á Agrupación Socialista de Cambre e ao seu candidato Augusto Rey, e di que foi sinxelo chegar a acordos cando hai tantas coincidencias programáticas.

Teñen claro unha cousa, que non se pode gobernar de costas á xente. Son xente da rúa, xente de Cambre, por iso as portas do concello e da Alcaldía estarán abertas sempre para todos aqueles que queiran trasladarlles ideas e propostas. Queren falar de Cambre, queren seguir construíndo Cambre. Nesa dirección traballarán arreo, para mellorar os equipamentos, para incrementar as infraestruturas, para proxectar un Cambre ordenado e sostible, pero sobre todo para favorecer aos que máis o necesitan, garantindo os programas e axudas sociais.

Queren facer unha xestión eficaz e transparente, traballando fundamentalmente nos servizos básicos, no ámbito social, na planificación urbana básica para crecer. Todo sobre unha base sólida de participación cidadá, que faga que o protagonismo non estea no Goberno, senón nos veciños.

Quere agradecer aos grupos da Corporación que permitiron que este proxecto de progreso saia adiante. Aínda que non formen en principio parte do Goberno, comparten ideas, comparten propostas, e el comprométese a que ese crédito que lles deron, sexa devolto con feitos. E ao resto dos concelleiros quere dicirlles que teñen todo o seu respecto, e que estarán abertos a dialogar e consensuar todos os proxectos necesarios e importantes para Cambre.

Conclúe dicindo que teñen un reto moi importante por diante, que asumen con ilusión e responsabilidade.

5. Cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

A secretaria da Corporación expón que, de conformidade co establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, os secretarios e interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas corporacións locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

A continuación, o interventor municipal dá lectura á acta de arqueo que se transcribe a continuación:

“En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o día da constitución da nova Corporación municipal fíxose un arqueo do saldo das contas que o Concello de Cambre ten abertas nas entidades de crédito e da Caixa da Corporación.

Con esa finalidade, solicitáronse certificados ás entidades de crédito, do saldo ao peche do día 12 de xuño de 2015. Como no momento de facer o arqueo aínda non se recibiron estes certificados no concello, o presente documento tívose que facer coa información resultante da banca electrónica.

Contas operativas de crédito e préstamo

Entidade	Número de conta	Saldo €
ABANCA	ES10 2080 5531 0931 1000 0158	1.271.216
ABANCA	ES17 2080 0048 2931 1000 0050	90,91
ABANCA	ES91 2080 0048 2630 4000 8515	0,00
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	ES49 0182 1648 8200 1000 0301	42.112,64
BANCO BILBAO VIZCAYA INSTITUCIONES	ES98 0182 6244 4802 0015 0178	80.983,47
CAIXABANK	ES56 2100 2459 1402 0000 0804	52.945,08
BANCO DE SANTANDER	ES13 0049 3063 3721 1400 3540	226,86
BANCO PASTOR	ES44 0238 8125 5606 6000 0173	9.516,47
BANCO SABADELL-GALLEGO	ES30 0081 2188 7400 0108 7919	1.644.689,95
Total		3.101.871

Contas restritivas

Entidade	Número de conta	Saldo €
ABANCA	ES58 2080 0048 2631 1000 0041	17.621,68
CAIXABANK	ES59 2100 2459 1102 0004 1152	3.092,54
BANCO DE SANTANDER	ES70 0049 3063 3226 1410 6047	5.527,81
Total		26.242,03

Contas de crédito e préstamo

Entidade	Préstamo	Saldo €
ABANCA	500-0048-3909/8	235.203,83
ABANCA	500-0048-3933/8	104.106,80
ABANCA	500-0048-4127/2	228.224,07
ABANCA	500-0048-4248/6	251.517,26
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9542402391	80.240,14
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9544734136	232.843,71
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9545266124	350.686,90
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9545840402	423.723,27
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9546089360	314.612,45
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	029990940-990266	64.146,55
BANCO PASTOR	0238 8125 57 0430000166	130.584,99
BANCO SABADELL GALLEGO	Conta: ES30 0081 2188 7000 0100 7702	67.245,56
Total		2.483.135,53

Dispositivo telepeaxe (O.B.E.) nº 671310000207517: Saldo: 55,15 €

Caixa municipal: 1.051,58 €

Caixa do museo: 1.014,26 €”

Faise constar que esta acta de arqueo, que está asinada pola tesoureira e interventor municipais con data 13 de xuño de 2015, é asinada neste acto tanto polo alcalde saínte como polo alcalde entrante.

A continuación, a secretaria da Corporación manifesta que, respecto da formación do Inventario de bens, a obrigatoriedade de formar inventario polas entidades locais ven recollida no artigo 86 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no que se establece que as Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

A dita obrigatoriedade refórzase pola normativa básica estatal, ao referirse a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, no seu artigo 32.4, ao Inventario patrimonial das Entidades Locais.

Pola súa banda, o Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais establece no seu artigo 17 que as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

A súa aprobación, comprobación e rectificación é unha competencia plenaria, como así o sinala expresamente o artigo 33 do citado Real decreto 1372/1986, por maioría simple, en aplicación do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Continúa dicindo que é a Secretaría municipal, de acordo co artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, quen tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas corporacións locais estea preparada a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación.

En cumprimento de todo o anterior, con data 23 de marzo de 2009 formalizouse entre o Concello de Cambre e a empresa Procat S.L. o contrato para a formación do Inventario de Bens do Concello de Cambre.

O traballo foi rexistrado de entrada con data 4 de decembro de 2012, ao número 16440, e nel rexistráronse os valores dos inmobles, dereitos reais, mobles de carácter histórico-artístico, valores mobiliarios créditos e dereitos de carácter persoal, vehículos, semoventes, mobles non comprendidos nos anteriores enunciados e bens e dereitos revertibles, todo por un total de 241.515.887,03 euros.

De conformidade coa cláusula administrativa vixésimo novena que rexe ese contrato, unha vez rexistrada a entrega no Rexistro Xeral da Administración contratante de todos os traballos, o técnico responsable do contrato, despois do seu exame e comprobación, formulará o seu informe.

Conclúe dicindo que estando na actualidade en elaboración o citado informe, cabe sinalar que, unha vez finalizado, segundo a mesma cláusula “in fine” correspóndelle ao órgano de contratación comprobar, en última instancia, se os traballos foron realizados conforme ao contrato e as cláusulas fixadas polos pregos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar a todos os concelleiros que dentro do prazo máximo de trinta días, deberá ter lugar a sesión ou sesións extraordinarias do pleno da Corporación co obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal:

- a) Periodicidade das sesións do pleno e da xunta de goberno local
- b) Creación e composición das comisións informativas permanentes, de seguimento e control
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do pleno
- d) Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde, membros da xunta de goberno local, e presidentes das comisións informativas, así como das delegacións que esta Alcaldía estime oportuno conferir.
- e) Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais, que se constituirán mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaria xeral da Corporación, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de voceiro do grupo, podendo designar tamén suplentes.

A continuación, o Sr. alcalde, e antes de concluír a sesión, concede a palabra aos grupos políticos que están representados hoxe nesta sala.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, do PP, manifesta que quere en primeiro lugar felicitar ao grupo de UxC pola Alcaldía, desexarlle éxitos nesta marcha, porque cre que o máis importante son os veciños de Cambre. En segundo lugar quere darlle as grazas a todos os veciños que teñen depositado a súa confianza neles durante catro anos e nas últimas votacións. Como ten dito noutras ocasións, eles débense aos veciños de Cambre.

Di que dende o seu grupo, o Partido Popular, van facer unha oposición construtiva, porque teñen deixado moitos proxectos en marcha, e cre que o normal é apoiar todo aquilo que mellore a vida e benestar dos veciños do municipio. Polo tanto, farán unha oposición construtiva, axudarán en todo o que poidan, pero tamén serán esixentes co Goberno que agora toma posesión deste municipio.

Conclúe dando as grazas aos veciños e manifestando que saben que aquí os teñen, para o que necesiten todos eles.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, felicita en primeiro lugar ao novo alcalde polo seu nomeamento, dille que agarda que sexa un gran alcalde, o alcalde que todos os veciños de Cambre lles teñen demandado, nese sentido dille que, como sabe, vai contar coa súa colaboración como un socio de goberno leal e construtivo. Agarda que a confianza que teñen demostrado ambas partes á hora de chegar a este pacto se manteña ao longo de toda a lexislatura, como non pode ser doutra forma.

Tamén quere felicitar e agradecer sobre todo o apoio electoral que lles brindaron os veciños de Cambre, apoio que evidentemente non é todo o que eles buscaban, pero é o que lles teñen dado e teñen que estar agradecidos por el. Entenden que ese apoio vailles obrigar a traballar dunha forma diferente aos pasados catro anos, isto é, gobernando, e os intereses dos veciños de Cambre estarán no seu punto de mira e a súa obriga de atendelos será a súa referencia.

Tamén quere agradecer o traballo que se ten realizado por parte da Agrupación Socialista de Cambre, de todos os compañeiros, para que hoxe estean representados na forma na que o están nesta Corporación. Di que o PSOE ten unha tradición de 136 anos e, evidentemente, teñen estado, están e estarán sempre colaborando e traballando para mellorar o benestar dos veciños, neste caso dos veciños de Cambre.

Tamén quere poñerse a disposición, a título individual e como grupo municipal, de todos os compañeiros de todos os grupos, por entender que este vai ser un traballo importante, un traballo de colaboración entre todos, e que nesta lexislatura vai ser necesaria a colaboración de todos para poder levar a bo fin os retos que se teñen fixado.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, de SON, en primeiro lugar manifesta persoalmente os seus parabéns ao novo alcalde, e di que están dende a Asemblea Cidadá de Cambre hoxe especialmente satisfeitos porque todo este proxecto, toda esta ilusión de que en Cambre poidan entre todos, e fala de todos os concelleiros aquí presentes, levar ao Concello de Cambre, aos seus veciños, a unha sensación de unidade, de transparencia, de colaboración e de participación, cre que esa sensación hoxe ten capacidade de plasmarse nun feito real.

Dende Asemblea Cidadá de Cambre, como todos saben, levan un proceso convulso, pero a finalización dese proceso está hoxe aquí. Están hoxe aquí representados e están hoxe a disposición do pobo de Cambre, a disposición do xa actual Goberno de Cambre, a disposición de todos os veciños e a disposición absolutamente de todos os concelleiros.

Di que van seguir na mesma liña, na liña de presentar iniciativas, de ver o que pasa, de estar na rúa, de facer o traballo que levan facendo, que é o traballo de observar e transmitir, na posición que sexa. Ese traballo na anterior Corporación facíao Esquerda Unida, actualmente Asemblea Cidadá de Cambre, pero o espírito vai ser exactamente o mesmo, e cre que hoxe é un día de moita alegría por ese motivo. Agardan tamén que esa alegría non se lles dilúa, non quere ensombrecer o discurso, pero co traballo de todos e todas, cre que estes catro anos van ser prósperos para Cambre e, polo menos, transparentes e abertos para os veciños, que é como debe ser.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, do BNG, dálle a súa en hora boa ao Sr. alcalde, e deséxalle que a súa sorte e ventura, e a do seu Goberno, sexa a de todos os veciños e veciñas de Cambre, dende logo polo BNG non vai ser.

De maneira breve e sintética quere referirse primeiramente aos militantes e simpatizantes, base social do Bloque, parte dela está hoxe aquí presente, outra loxicamente non, pero quere agradecerlles, no seu nome e en nome do seu compañeiro de Corporación e organización, Brais Cubeiro, toda a entrega realizada durante esta campaña, durante os meses previos ás eleccións, que lles permite con moito esforzo e, nunhas circunstancias non fáciles para eles, manter a representación institucional que no seu día estivo ocupada por compañeiros como Mariví e Alfredo e, dalgunha maneira, eles, sendo unha forza minoritaria, están moi orgullosos dos apoios recibidos e queren, modestamente, con cada un dos seus votos, contribuír a que en Cambre haxa un goberno de progreso, un goberno máis transparente e un goberno máis democrático e, en consecuencia de todo iso, máis eficaz. Niso van poñer todo o seu empeño durante os vindeiros catro anos e van seguir facéndoo, tanto Brais como el, como o fixeron os seus compañeiros con anterioridade e un pouco como é marca da casa deste Bloque de Cambre, con alegría, falando absolutamente con todo o mundo, con todas as organizacións políticas, e procurando sempre que máis alá das lóxicas discrepancias que poidan xurdir ao andar o mandato, ao camiñar a lexislatura, poidan seguir tendo todos unha relación cando menos cordial, porque iso será sempre en ganancia de todos e todas e, nomeadamente, do pobo de Cambre.

Conclúe dicindo que, polo tanto, moitas grazas, moita sorte e, como se lle di aos actores que pisan as táboas por primeira vez, moita merda, de verdade que si.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, de C's, manifesta que dende Ciudadanos Cambre queren felicitar ao Sr. Óscar García Patiño. É o seu alcalde e séntense moi orgullosos. Agardan poder traballar conxuntamente e apoiar en todo o que sexa bo para Cambre. Dende o seu grupo quere dar as grazas a todos os veciños que confiaron neles, porque son novos, agardan facer un traballo brillante, e confían na sabedoría e bo saber facer do Sr. alcalde para apoiarlo no que sexa bo para Cambre. Di que aí pode contar con Ciudadanos.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que para despedir esta primeira sesión desta primeira lexislatura de UxC neste goberno, quere desexarlle sorte a todos os concelleiros e concelleiras nesta lexislatura, moito esforzo



e moito traballo para que as cousas en Cambre empecen a cambiar dende hoxe mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as doce horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia